



ACTA NÚM. 01/2.015 DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE CHENLO DO DÍA 05 DE XANEIRO DE 2.015

Na sala de sesións da sede da Entidade Local Menor de Chenlo, na parroquia de Chenlo, concello do Porriño, provincia de Pontevedra, sendo ás quince horas e trinta e oito minutos do día cinco de xaneiro do ano dous mil quince, reúnense a Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Chenlo baixo a presidencia do Alcalde Pedáneo D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO (PP), para celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

**Entidad Local
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

Asisten os seguintes vocais:

- D. FRANCISCO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ (PP).
- D. DANIEL GONZÁLEZ PÉREZ (PP).
- D^a. MARÍA DOLORES DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ. (PP).

Non asiste o vocal:

- D. PABLO NOVO GONZÁLEZ (BNG).

Asiste tamén a Interventora da Entidade D^a. M^a Dolores Miguélez Casás.

Actúa como secretario, Manuel Cudeiro Mazaira.

Aberta a sesión pola Presidencia, pasase a tratar os seguintes asuntos da orden do día circulada ó efecto.

1. ACTA N^o 9/2014 DE DATA 03-11-2014.

Non habéndose formulado observación algunha a acta número 9/2014 de data 03-11-14, considéranse aprobadas polos votos favorables da unanimidade dos membros presentes.


2. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PEDANÍA.

Pola Presidencia dáse conta da relación sucinta de resolucións ditadas pola Alcaldía Pedanía, desde o día 01-11-2014 ata o día 19-12-2014, da que se entregou copia aos membros asistentes dos grupos políticos do BNG e do PP, quedando a Xunta enterada.

3. DEVOLUCIÓN FIANZA A ROGELIO PIÑEIRO GONZÁLEZ DA SUBASTA DE MADEIRA, LOTE N^o 1 (EXPEDIENTE N^o 3603913400001) Y LOTE N^o 3 (EXPEDIENTE N^o 3603913400003).

Visto as actas de recoñecemento, de datas 17-10-2014, relativas aos devanditos LOTE N^o 1 (expediente: 3603913400001) de 1431 pés de Eucalyptus globulus, cun volume de 540,63 m³; e LOTE 3 (expediente: 3603913400003) de 2069 pés de Eucalyptus globulus, cun volume de 904,36 m³ e 344 pés de Pinus pinaster cun volume de 32,77 m³, asinadas polo axente forestal do Servizo Provincial de Montes da Consellería do Medio Rural, pola empresa adjudicataria dos referidos lotes por D. ROGELIO PIÑEIRO GONZÁLEZ, e polo Alcalde Pedáneo, na que se fai constar que recoñecido os devanditos lotes de corta e douscentos metros o redor NON se veñen de comprobar a existencia de danos

A Presidencia formula a seguinte **proposta de Acordo**:



Devolver ao adxudicatario dos referidos lotes, os avais do Banco Pastor, Grupo Banco Popular, de datas 15-05-2014, rexistrados no Rexistro Especial de Avais cos números 08323/00669 e 08323/00670 correspondentes ás garantías definitivas para responder das obrigas da adxudicación.

Seguidamente o Presidente somete a votación a proposta anteriormente transcrita resultando aprobada cos votos favorables da UNANIMIDADE dos catro membros presentes desta Xunta Veciñal (4 do PP).

**Entidad Local
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

4. CONTROL POLÍTICO DOS ÓRGANOS DE GOBERNO:

A) MOCIÓN.

Non se somete ningunha a coñecemento desta Xunta Veciñal.

B) ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

Non habendo na máis asuntos que tratar o Sr. Presidente dá por rematada a sesión, cando son as quince horas e corenta e cinco minutos do día ut supra, levantándose esta acta da que eu, secretario, certifico.

